

ACENTUACIÓN DIACRÍTICA

O acento diacrítico serve para diferenciar palabras homónimas, isto é, que se escriben igual, pero teñen significados distintos, ben porque se pronuncian de diferente xeito (unha ten a vogal tónica aberta e a outra pechada) ou porque nunha delas é tónica e a outra átona.

Se nun par de palabras homónimas ningunha das dúas leva acento diacrítico, aínda que se pronuncien igual, é porque é imposible confundilas nos seus contextos, por exemplo *polo*: *Mercamos un polo para xantar vs. Foi de viaxe ao Polo Norte*; no primeiro enunciado referímonos á cría da galiña e, no segundo, á rexión da Terra.

Levan acento diacrítico	Non levan acento diacrítico
Á ('a' prep. + 'a' art.: <i>Vou á praia</i> ; subst.: <i>A á da galiña</i>)	A (art.: <i>Tráeme a vasoira</i> ; pron. átono: <i>Chámao e dille que veña</i> ; prep.: <i>Púxo a parir</i>)
Ás ('a' prep. + 'as' art.: <i>Vai ás mozas</i> ; subst.: <i>As ás do polo</i>)	As (art.: <i>Colle as culleres</i> ; pron. átono: <i>Dixenche que as collas!</i>)
Bóla(s) ('esfera': <i>Fixo unha bóla de papel</i>)	Bola(s) (peza de pan: <i>Vai ó forno e compra unha bola</i>)
Cá ('ca' conx. + 'a' art.: <i>Gústache máis o peixe cá min</i>)	Ca (conx.: <i>Tes máis libros ca min</i>)
Cás ('ca' conx. + 'as' art.: <i>Gústanche as súas cousas máis cá tús</i>)	Cas (prep.: <i>Vou cas miña madriña</i>)
Chá(s) ('plana': <i>a Terra Chá</i>)	Cha(s) ('che' pron. + 'a' pron.: <i>Non cha dou!</i>)
Có ('ca' conx. + 'o' art.: <i>O meu ordenador ten máis capacidade có teu</i>)	Co ('con' prep. + 'o' art.: <i>Fun co traxe negro á voda</i>)
Cós ('ca' conx. + 'os' art.: <i>Os meus cadros son peores cós teus</i> ; tamén subst. 'parte superior do corpo', 'cintura', 'peza de madeira': úsase moi pouco)	Cos ('con' prep. + 'os' art.: <i>Foi cos avós á feira</i>)
Cómpre ('é necesario': <i>Cómpre que estudes</i>)	Compre ('merque': <i>Dille a túa irmá que compre pan cando veña</i>)
Cómpren ('son necesarios': <i>Collinos porque nos cómpren</i>)	Compren ('merquen': <i>Fai falta que compren un coche</i>)
Dá (pres. de 'dar': <i>El dá</i> ; imp. de 'dar': <i>Dá ti</i>)	Da ('de' prep. + 'a' art.: <i>Vén da cama</i>)
Dás (pres. de 'dar': <i>Ti das</i>)	Das ('de' prep. + 'as' art.: <i>Vén das patacas</i>)
Dó ('compaixón': <i>Mallaron nel sen dó nin piedade</i> ; primeira nota musical: <i>Esta melodía comeza en dó</i>)	Do ('de' prep. + 'o' art.: <i>Colle un pano do caixón</i>)
É (pres. de 'ser': <i>Ela é a filla de Lola</i>)	E (conx.: <i>María e Xoana non veñen</i>) /E/
Fóra (adv.: <i>Bota o can fóra, non o quero na cociña</i>)	Fora (antepret. de 'ser': <i>Alí el non fora feliz</i> ; antepret. de 'ir': <i>Eu fora, pero el non</i>)

Má(s) ('ruín': <i>Leva moi <u>má</u> vida</i>)	Ma(s) ('me' pron. + 'a' pron.: <i>Non <u>ma</u> deu</i>)
Máis (adv.: <i>Bótalle <u>máis</u> patacas ó rapaz</i> ; pron. indef.: <i>Farás o que fagan os <u>máis</u></i>)	Mais (conx.: <i>Non ía ir, <u>mais</u> cambiei de idea</i>)
Nó (subst.: <i>Fixo mal o <u>nó</u> da garabata</i>)	No ('en' prep. + 'o' art.: <i>Puxo as tesoiras <u>no</u> caixón</i>)
Nós (pl. de nó ; pron. tónico: <i><u>Nós</u> non imos</i>)	Nos (pron. átono: <i>Xa <u>nos</u> mercou os libros</i> ; 'en' prep. + 'os' art.: <i>Caeulle a cazola <u>nos</u> pés</i>)
Ó(s) ('a' prep. + 'o' art.: <i>Vai <u>ó</u> súper</i>)	O(s) (art.: <i>Trouxo <u>o</u> libro</i> ; 'pron. átono: <i>Dixo que <u>o</u> facía mañá</i>)
Óso(s) ('do corpo': <i>Partiu un <u>óso</u> da man</i>)	Oso(s) ('animal': <i>En Asturias aínda hai algún <u>oso</u></i>)
Pé(s) ('parte do corpo': <i>Tivo unha vincha nun <u>pé</u></i>)	Pe(s) ('letra': <i>O <u>pe</u> é unha consonante</i>)
Póla(s) ('rama': <i>Esa <u>póla</u> vai rachar</i>)	Pola(s) ('por' prep. + 'a' art.: <i>Vai <u>pola</u> sombra!</i> ; 'galiña': <i>Esa <u>pola</u> non pon ovos</i>)
Pór ('poñer': <i>Hai que lle <u>pór</u> unha varanda a esa escaleira</i>)	Por (prep.: <i>Foi <u>por</u> Ourense para recoller a unha curmá</i>)
Prés(a)s ('apuro': <i>Acaba pronto que levamos <u>présa</u></i>)	Pres(a)s ('presada': <i>Bótalle unha boa <u>presa</u> de sal</i> ; 'encoro': <i>A auga da <u>presa</u> está moi fría</i> ; 'prendida': <i>Deixou a vaca <u>presa</u> no prado</i>)
Sé ('catedral': <i>Fomos visitar a <u>sé</u> de Mondoñedo</i> ; imp. de 'ser': <i><u>Sé</u> bo, anda!</i>)	Se (conx.: <i><u>Se</u> che parece ben, ímonos agora</i> ; pron.: <i>Díxolle que <u>se</u> erguese da cama xa</i>)
Só (adv.: <i><u>Só</u> me valeu tres euros</i> ; adx.: <i>Anda sempre el <u>só</u></i>)	So (prep.: <i>Está o can <u>so</u> a mesa</i>)
Té ('infusión': <i>Fixo un <u>té</u> para a amiga</i>)	Te (pron. átono: <i>Non <u>te</u> pases comigo!</i> ; letra: <i>O <u>te</u> é unha letra do alfabeto</i>)
Tés ('infusións': <i>Fixo <u>tés</u> para todas</i>)	Tes (pl. de letra: <i>Little <u>escribese</u> con dous tes</i> ; pres. Ind. verbo <i>ter</i> (/E/): <i>Cantas cousas <u>tes</u> que facer!</i>)
Vén (pres. de 'vir': <i>El/Ela <u>vé</u>n</i>)	Ven (pres. de 'ver': <i>Eles/Elas <u>ve</u>n</i> ; imp. de 'vir': <i><u>Ve</u>n ti</i>)
Vés (pres. de 'vir': <i>Ti <u>ve</u>s</i>)	Ves (pres. de 'ver': <i>Ti <u>ve</u>s</i>)
Vós (pron. tónico: <i>Vides <u>vós</u> ou tráenvos?</i>)	Vos (pron. átono: <i>Dixo teu pai que <u>vos</u> ía buscar el</i>)

CÓMPRE SABER!

- As formas verbais con acento diacrítico (*dá, dás, é, pór, cómpre, cómpren, vén, vés*) mantéñeno cando se lles une o pronome átono: *Dásme un bico, fillo?*; *Éche boa a empanada!*; *Vésme ver mañá?*; *Cómprennos catro cadernos máis...*
- Os verbos derivados de *pór* non conservan o acento diacrítico: *compor, contrapor, dispor, propor, recompór...*